

“Miño”, o poemario de Franciso X. Fernández Naval (Editorial Espiral Maior, 2008), é a obra gañadora do XXIII Premio de Poesía Cidade de Ourense. Pasado e presente conflúen nuns versos que recuperan o tempo ido.

“Miño”

Auga e tempo son elementos comúns neste libro de Franciso X. Fernández Naval

XULIO VALCÁRCEL

A natureza, co seu entramado de ulidos e cores, de sensacións abertas á percepción, aparece como fonte inesgotable para creadores de todas as épocas. Ergue tamén a natureza, neste caso o río, real e simbólico, o universo que nutre e identifica “Miño”, o poemario de Franciso X. Fernández Naval (Editorial Espiral Maior, 2008), gañador do XXIII Premio de Poesía Cidade de Ourense. Fernández Naval mergúllase con acerto e intensidade no tránsito dos recordos, das vivencias, dos afectos, a carón da presenza enigmática do Miño, paisaxe-referencia para o poeta ao longo duns versos que se erixen nunha reflexión fonda e lúcida sobre o tempo e o seu incontestable imperio. Desde Heráclito –ao que o propio autor alude expresamente nun dos poemas (“...auga diferente / baña a cada intre / o corpo distinto a cada instante”)– o contínuo fluír da auga-tempo, foi punto de partida para filósofos e poetas. Sen saírmos do libro atopamos citas de Orosio e Octavio Paz,

pero poderíamos falar igualmente de Manrique, da impresionante desposesión das súas coplas. Ou o precioso poema de Neruda “El río”, no que une, noutra viravolta espectacular desta mesma liña reflexiva, o Orinoco e o Arno, América con Italia, a humanidade enteira percorrida por unha única corrente de auga. Atina Fernández Naval ao inscribir a súa ache-ga nun topos literario recoñecible, ao concibir e identificar o percorrido vital do río –ese inquietante

son que nos vai deixando sen pausa– e do poeta, da memoria e do olvido, da vida e do silencio. Xuncos, sabugueiros, viño inaugural, ceifas e seiturais... enchen os versos cun pouso misterioso, coma se o autor nos estivese amosando o río, insomne e caudaloso, de noite. A memoria é tema preponderante, a recuperación dun tempo ido que volve encarnarse, coller forma e substancia, facerse verdade nestes versos. Evocación afectiva e melodiosa, homenaxe

íntima e saudosa a unha época e a uns personaxes, desde un sentir colectivo e solidario. Mais tamén persoal, como se pode ver naqueles textos nos que a voz poética se confesa sinxela e directamente, ou no longo e abastado poema “Riografía”, no que o río é confidente, interlocutor e destinatario, e no que o poeta despreza unha imaxinería metafórica barroca e retórica, de fondo, sostido e intenso alento. Un dos poemas máis ambiciosos da literatura galega

de todos os tempos. O río como cosmos total no que se recolle a vida en toda a súa varia e rica expresión. Para que nada fique ao chou a propia disposición versicular suxire á vista o discorrir da corrente.

“Miño” é o mellor poemario de Fernández Naval. Conxuga o verbalismo ampuloso dalgúns textos coa nudez expresiva doutros. A depuración estilística, a riqueza léxica, a densidade conceptual, a implicación emotiva, o cuidado no acabado..., convérteno nun gran libro. A inclusión de elementos gráciles, e unha certa distancia necesaria, alixéirano de peso. A auga ten significado ambivalente: auga ancorada e mouro e auga vital, de fartura e celebración. Non hai ambigüidade no poema “Abril”, cando di: “Descubrín entón / a rebelión do teu corpo, / o vértice feliz, / os beizos, / o tremer / do relan-zo...” Un baile de claros e de sombras no que participamos a través da sonoridade dese elemento acuático que transforma todo ao seu paso.

xulio@xulio.e.telefonica.net




Ilustración de Xavier Garo